

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Expediente nº	2020023812
Asunto	Reapertura da Escola de Cantería e de apertura do prazo para preinscrición no curso 2020/21
Trámite	Aprobación da apertura e Protocolo de actuación

CLP/mlo

O Deputado delegado, en virtude das competencias delegadas pola presidencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

A Deputación de Pontevedra, dende o inicio da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ven adoptando medidas e desenvolvendo accións con dous obxectivos principais: protexer a saúde do persoal e do conxunto da cidadanía, e garantir a prestación dos servizos públicos.

Entre outras resolucións que se foron adoptando entre o 11 e o 13 de marzo de 2020 a fin de regular a resposta fronte ao COVID-19 en condicións de seguridade, por Resolución de 12 de marzo de 2020 (n.º rex. 20200002704) ordenouse o peche ao público de determinados centros da Deputación de Pontevedra dende o venres 13 de marzo, entre eles Escola de Canteiría, na liña das decisións adoptadas pola Xunta de Galicia en canto a peche dos centros educativos. A vixencia desta RP, tal e como se indica na súa Disposición Cuarta *in fine*, ten carácter indefinido ata que se dispoña a súa modificación ou se deixe sen efecto de forma expresa.

O domingo 15 de marzo de 2020 ditouse unha Orde de servizo extraordinaria, suspendendo provisionalmente e con carácter xeral o traballo presencial do persoal o luns 16 de marzo, a excepción dos servizos considerados esenciais para o sostemento dos servizos públicos e do persoal preciso para a organización dos servizos durante o estado de alarma.

O Consello de Ministros, aprobou o 28 de abril de 2020 o “Plan para a transición a unha nova normalidade”, co obxecto fundamental de conseguir a recuperación paulatina da vida cotiá e da actividade económica mediante unha transición gradual, asimétrica e coordinada estruturada en Fases, minimizando o risco que representa a epidemia para a saúde da poboación.



RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Por resolución de 26-05-2020 a Deputación de Pontevedra establece as medidas a adoptar nos centros de traballo no período de transición á nova normalidade.

Na Escola de Cantería nestes momentos nos que abordamos o final do curso 2019-2020, e no que persiste un escenario no que se está pendente da evolución da pandemia, do que vaian trasladando as autoridades sanitarias, e coa información dispoñible neste momento, enténdese necesaria a adopción dunha serie de medidas que protexan ao persoal e alumnado do centro no desenvolvemento da súa actividade.

Por todo o anteriormente exposto, e resultando procedente a reapertura ao público da Escola de Canteiría dende o próximo luns, 1 de xuño de 2020, faise necesario o establecemento dun Protocolo específico de actuación que regule os aspectos esenciais para unha volta á actividade da Escola de Cantería con plenas garantías sanitarias. Neste protocolo estableceranse as medidas para reiniciar a actividade docente e o traballo de profesores e persoal administrativo do Centro, garantindo as condicións de seguridade e saúde das persoas.

Considerando, que a competencia para a súa aprobación corresponde ao Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda, Novas Tecnoloxías e ORAL, D. Carlos López Font, en virtude da Resolución Presidencial nº 2020002793, de 16 de marzo do 2020, de delegación de competencias da Presidenta, con carácter extraordinario mentres dure a situación actual de alerta sanitaria provocada polo COVID-19.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a reapertura da Escola de Canteiría a partir do próximo luns, 1 de xuño de 2020 consonte ao protocolo específico recollido no Anexo, que regula os aspectos esenciais para unha volta á a actividade da Escola de Cantería con plenas garantías sanitarias.

Segundo.- Abrir o período de preinscrición para o curso 2020/2021, que estará dispoñible do 1 de xuño ao 14 de setembro mediante o sistema de cita previa.



RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

ANEXO

“PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A REAPERTURA DA ESCOLA DE CANTERÍA E DE APERTURA DO PRAZO PARA PREINSCRIPCIÓN NO CURSO 2020/21

Este documento ten como finalidade establecer o protocolo de actuación para organizar e reforzar as medidas hixiénicas, de prevención e actuacións fronte a COVID-19 que se deben poñer en marcha a partir da reapertura da Escola de Cantería, dadas as súas especialidades.

Tal e como indican as autoridades sanitarias, o coronavirus SARS- CoV-2 é un virus que se transmite por vía respiratoria aínda que tamén é posible o contaxio ao tocar unha superficie, un obxecto ou a man dunha persoa infectada. O período de incubación pode variar entre 2 e 14 días. Por iso, as mellores medidas de protección son o illamento de persoas contaxiadas e portadoras do virus e a hixiene persoal.

Nestes momentos, nos que abordamos o final do curso 2019-2020, e no que se elabora este documento, persiste un escenario de incerteza que en todo momento está pendente da evolución da pandemia e do que vaian trasladando as autoridades sanitarias. Por ese motivo, e coa información dispoñible neste momento, enténdese necesaria a adopción dunha serie de medidas de protección no desenvolvemento da actividade propia do centro.

Neste protocolo, no marco da RP do 26.05.2020, establécense as seguintes medidas para reiniciar a actividade docente e o traballo de profesores e persoal administrativo do Centro garantindo as condicións de seguridade e saúde das persoas:

-Procederáse á apertura do centro para a realización de funcións administrativas, traballos no taller e docencia presencial para os alumnos que voluntariamente decidan asistir a clases, respectando en todo caso a distancia interpersonal de 2 metros.

-No que respecta as materias de aula (teóricas) continúaase coas clases en liña para os alumnos de primeiro, segundo e terceiro curso de Cantería.

- Na organización e funcionamento da Escola de Canteiría estarase ao disposto nas Disposicións Terceira (“Medidas de protección nos centros de traballo”) e Cuarta (“Organización do traballo”) da RP de 26.05.2020 (exp. 2020023524, CSV



RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

AQICPFXEDZR1K0MB), de Medidas a adoptar nos centros de traballo da Deputación de Pontevedra no período de transición á nova normalidade, coas seguintes especificidades:

-Durante as clases deberá garantirse unha distancia física de seguridade de dous metros entre os profesores, así como entre estes e o alumnado.

-Poderá procederse á apertura dos talleres para as clases e tarefas do profesorado, así como para a posta en marcha da maquinaria necesaria para os devanditos traballos.

En todo caso, deberase garantir unha distancia física de seguridade de dous metros entre os traballadores e traballadoras e o alumnado.

-Así mesmo, o persoal do taller, profesorado e alumnado, debe de dispoñer das súas ferramentas de traballo e proceder á súa desinfección unha vez finalizado o seu uso.

-Todo o alumnado, profesorado e demais persoal do centro deberá utilizar máscaras en todos os espazos do centro.

-Débese intensificar o lavado de mans, obrigando ao alumnado para lavarse as mans regularmente.

-Intensifícanse as medidas de limpeza e desinfección nas instalacións, utensilios e materiais.

-Os espazos do centro cuxo uso non sexa necesario para o normal desenvolvemento da actividade docente e administrativa, permanecerán pechados. Non está permitido o uso das instalacións da cociña e comedor.

-As zonas comúns ou zonas de paso utilizaranse o mínimo imprescindible para os desprazamentos duns espazos a outros, evitando o seu uso para outro tipo de actividades establecendo circuítos sinalizados nos que se respecte a distancia de seguridade. (Ver Anexo I- Planos)

- O aforo máximo en cada unha das zonas e locais cuxo acceso estea autorizado, será o que permita manter a distancia de seguridade de 2 metros entre as persoas que fagan uso dos mesmos

-Os vestiarios, baños e aseos serán utilizados de modo individualizado, evitando e mantendo a distancia interpersoal durante a espera. Queda prohibido o uso das duchas.



RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

- Os vestiarios, baños, aseos e zonas comúns limpanse e desinfectaranse diariamente prestando especial atención a aqueles elementos que se tocaron coas mans, como poden ser as billas, portas de despachos de billetes ou bancos para sentar-

- No caso da aula de informática recoméndase o uso individualizado de computadores.

-Cada aula/zona de taller estará dotada de xel hidroalcohólico para a limpeza e desinfección das mans, e dun recipiente ou papeleira específico para a eliminación do material para refugar.

-O alumnado, profesorado ou outro persoal que presente síntomas respiratorios ou febre, ou se mantivo contacto estreito cun enfermo sintomático, deberá permanecer en casa, sen acudir ao centro. Desde o centro de Atención Primaria ou o Servizo de Prevención, segundo o caso, indícaránselle as instrucións para seguir e realizaráselle o seguimento.

-As instalacións manteranse en condicións adecuadas de mantemento, co fin de facilitar a correcta limpeza e desinfección das mesmas: reparación de zonas deterioradas, orde ou eliminación de materiais innecesarios.

Documento asinado dixitalmente o marxe.

